

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o día 20 de febreiro de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Manuel Santos Costa
(Secretario)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

Juan Manuel Casares Gándara
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
Patricia García González
José Alberto Pazos Couñago
Noelia Pérez López
Cristina Sanz Arias

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Óscar Insua Lema
Rosana Pérez Fernández
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Patricia Iglesias Rey
Lara Méndez López
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)

Outros asistentes:

Julio Ernesto Abalde Alonso
Argimiro Marnotes Fernández

Letrado:

Juan Carlos Caride Puente

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único.- Propositions non de lei

- 1 1820 (12/PNC-000222)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao
Goberno central en relación coa proposta de regulamento de
desenvolvemento da Lei 21/2022, do 19 de outubro, de creación dun
fondo de compensación para as vítimas do amianto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 20525), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Fernández Alfonso, Ramón Tomás (BNG)**, que pasa a expoñer os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicados no BOPG anteriormente subliñado. Asemade, plantexa a posibilidade de aceptar o terceiro parágrafo da emenda como engádegas do texto orixinal.

Na rolda de grupo parlamentario emendante a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, refírese as razóns polas que o seu grupo presentou esta emenda e, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas polo proponente, solicita a votación do texto resolutivo por puntos, en cuxo caso o seu grupo apoiaríaos todos, agás o 3 e o 5.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén a **señora Pérez López, Natalia (P)**, quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do grupo ao que representa.

Solicita a palabra a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, baseándose no establecido no artigo 76 do RPG, ao que Presidencia non accede a concederlla indicándolle que formaba parte do debate.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Fernández Alfonso, Ramón Tomás (BNG)**, argumenta as razóns polas que non acepta a votación por puntos e reitera a disposición de aceptar o apartado terceiro da emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia.

2 **13447 (12/PNC-001283)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co
obxectivo de promocionar nas contratacións públicas a economía de
proximidade e o consumo de produtos locais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 106f1, do 23.10.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, quen pasa a dar conta das razóns nas que se basea esta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

Aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Insua Lema, Óscar (BNG)**, que pasa a referir as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposta.

En terceiro lugar intervén o **señor Trenor López, Gonzalo (P)**, tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola propoñente, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e plantexa unha emenda in voce ao punto 2 do texto resolutivo que tería o contido seguinte:

“2. Nas contratacións públicas de servizos de comedor, catering ou cafetarías que sexan licitados polas entidades do sector público autonómico galego deberá recollerse, como criterio de adxudicación ou como condición especial de execución, cláusulas que favorezan o sinalado no punto anterior como relacionadas coa pegada de carbono ou calidade da prestación na medida en que a compra de produtos de proximidade reduce a pegada de carbono e o impacto ambiental de determinadas compras.»

A Presidencia lémbbralles que para a aceptación dunha emenda in voce teñen que estar todos os grupos parlamentarios presentes de acordo.

A **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, fai uso da súa rolda de puntualizacións para agradecer o apoio amosado por ambos grupos parlamentarios, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario.

Auséntase da sala a señora Méndez López, Lara e incorpórase o señor Abalde Alonso, Julio Ernesto.

A presidenta ocupa un escano co seu grupo parlamentario (artigo 82 do RPG) e pasa a ocupar a Presidencia o señor vicepresidente.

3 18277 (12/PNC-001691)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun informe no se que detallen as
modificacións orzamentarias que vai impulsar logo da derogación no
Congreso dos Deputados do Real decreto lei 9/2024, do 23 de decembro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 153f1, do 06.02.2025

A **señora Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG)**, procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma.

Auséntase da sala a señora Pérez López, Noelia e incorpórase o señor Marnotes Fernández, Argimiro.

En segundo lugar intervén a **señora Sanz Arias, Cristina (P)**, para xustificar as razóns polas que o seu grupo non vai apoiar esta iniciativa de impulso ao Goberno.

Na rolda de puntualizacións a **señora Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG)**, comenta as anteriores intervencións e lamenta o posicionamento do grupo maioritario.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 1820 (12/PNC-000222), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado con modificacións** por:

Votos a favor:..... 14

Votos en contra: 0

Abstencións: 2

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a que promova as actuacións necesarias para modificar a proposta do Goberno estatal de regulamento de desenvolvemento da Lei 21/2022, de creación dun Fondo de compensación para as vítimas do amianto, nos seguintes termos:

1. Ampliar as patoloxías do anexo I, incluíndo o cancro de útero, a fibrose, as placas

pleurais e a asbestose sen repercusión.

2. Ampliar as patoloxías para ser persoa beneficiaria pola vía do artigo 3.c) a todas as do anexo I reformado, así como eliminar o requisito de estar inscrita no RETEA

3. Dotar o Fondo dunha estrutura descentralizada, de forma que se resolvan as solicitudes ao Fondo desde organismos de carácter provincial.

4. Establecer que a xurisdición social será a competente para coñecer en vía xudicial dos recursos presentados contra as resolucións do Fondo, así como de calquera outro asunto relacionado.

5. Constituiranse comisións de seguimento a nivel autonómico con idéntica composición que a comisión estatal mais reservando 4 dos 8 postos adxudicados á Administración xeral do Estado para a Administración autonómica, que así mesmo nomeará as persoas representantes da comunidade científica. A representación das organizacións patronais e sindicais entenderanse referidas ao ámbito autonómico correspondente, e os postos reservados para a Federación de vítimas entenderase a favor das asociacións de vítimas con máis implantación no territorio da Comunidade Autónoma. Estas comisións poderán realizar funcións de intermediación previa á vía xudicial, elaboración de memorias, informes ou recomendacións, e dotaranse dun regulamento de funcionamento propio.

6. As compensacións económicas calcularanse como media do que veñen decretando os xulgados e tribunais para cada unha das patoloxías nos últimos 24 meses antes da entrada en vigor do regulamento.

7. Unha mesma persoa poderá ser beneficiaria de máis dunha compensación en función dos criterios xudiciais vixentes a este respecto.

8. As compensacións económicas percibidas polas persoas beneficiarias estarán exentas de tributación.

9. A resolución favorable da solicitude por parte do Fondo dará lugar ao dereito á recarga de prestacións.

Adoptar as medidas orzamentarias necesarias para dotar o Fondo de Vítimas do Amianto dos recursos para o cumprimento da Lei 21/2022.»

1.2 13447 (12/PNC-001283), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo coa modificación derivada da incorporación da emenda in voce aceptada por todos os grupos parlamentarios. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas con dereito a voto.**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que aprrobe no 2025 unha estratexia de contratación pública para que, entre outros obxectivos, se recolla especificamente o de fomentar a economía de proximidade e o consumo de produto local galego nas contratacións públicas das diferentes entidades do sector público autonómico (hospitais, escolas infantís, colexios, residencias de maiores), para así contribuír á transición enerxética e á redución do uso de combustibles fósiles.

2. Nas contratacións públicas de servizos de comedor, catering ou cafetarías que sexan licitados polas entidades do sector público autonómico galego deberá recollerse, como criterio de adxudicación ou como condición especial de execución, cláusulas que favorezan o sinalado no punto anterior como relacionadas coa pegada de carbono ou calidade da prestación na medida en que a compra de produtos de proximidade reduce a pegada de carbono e o impacto ambiental de determinadas compras.»

1.3 18277 (12/PNC-000169), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

A Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:05 horas.

Noa
Presas
Bergan
tiños

Firmado
digitalmente
por Noa Presas
Bergantiños
Fecha:
2025.03.06
13:34:19
Noa Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Manuel
Santos
Costa

Firmado digitalmente por
Manuel Santos Costa
Nombre de Secretario (DN)
cn=Manuel Santos Costa,
email=manuel.santos.costa@parl
amentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.06 10:29:33
+01'00'